



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEE

Fixación do número máximo de días naturais no ano 2025 en que se poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas. Expte.:2024/G003/001215

RESOLUCIÓN

ASUNTO: FIXACIÓN DO NÚMERO MÁXIMO DE DÍAS NATURAIS NO ANO 2025 EN QUE SE PODERÁN AMPLIAR OS HORARIOS DE PECHES DOS ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO, DOS ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E DAS ACTIVIDADES RECREATIVAS

EXPEDIENTE DECRETO: 2024/G003/001215

ANTECEDENTES:

EXPTE. Nº **2024/G003/001215**

A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, establece no artigo 4.c) que lle corresponde á consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas determinar o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas. Así mesmo, dispón no artigo 5.f) que lles corresponde aos concellos autorizar as ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, atendendo aos criterios, os supostos e as circunstancias que, de ser o caso, figuren na orde de horarios prevista no artigo 17 da Lei.

A Orde da Vicepresidencia primeira Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo do 23 de outubro de 2020, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, dispón no seu artigo 9.1 que os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

No artigo 9.2 da Orde do 23 de outubro dispónse que os concellos establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

De acordo coa normativa indicada e en uso das competencias que me outorga a lexislación vixente,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º. Fixar un máximo de **54 días naturais** durante o ano **2025** nos que poderán ampliarse os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas que se desenvolvan neste concello, debendo compatibilizarse o seu desenvolvemento coa aplicación das normas en materia de contaminación acústica e co funcionamento dos servizos públicos.

2º. As datas concretas de ampliación dos horarios determinarase mediante resolución desta alcaldía, ben de oficio ou a petición de parte interesada, conforme os criterios e circunstancias sinalados na Orde do 23 de outubro de 2020.

3º. Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña para coñecemento xeral e para os efectos oportunos.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, 17 de decembro de 2024.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

[Documento asinado electrónicamente]